

# **FUMIGACIONES** **PLATAFORMA** **CONTRA** **NON** **AS FUMIGACIONES**

## **A Plataforma contra as Fumigacións denuncia ante a Fiscalía de Medio Ambiente os tratamentos aéreos con Flufenoxuron**

**24-4-12**

Representantes das organizacións que integran a **Plataforma contra as Fumigacións**<sup>1</sup> acudiron hoxe, 24 de abril, aos xulgados de Compostela para denunciar ante a fiscalía de medio ambiente as fumigacións aéreas na Galiza cun pesticida altamente tóxico (Flufenoxuron), que se pretende utilizar contra a praga do gorgullo do eucalipto e que será prohibido en toda a Unión Europea a partir do 1 de agosto de 2012.

Tal e como se recolle no escrito de denuncia presentado, en Galicia poden estar afectados polo gorgullo en torno á 100.000 hectáreas de eucaliptais (¼ parte da existente). Isto implicaría utilizar unha disolución, como mínimo, duns 50.000 litros de Flufenoxuron e auga. A alta toxicidade do Flufenoxuron “fai conveniente a paralización da actividade que se denuncia, polo risco e afección que comporta, tendo presentes os principios de prevención e precaución que deben guiar as actuacións en materia medioambiental”.

O Flufenoxuron é un insecticida en moratoria na Unión Europea polos efectos nocivos que ten sobre a saúde e o medio ambiente (Directiva 91 / 414 / CEE e RD 255 /

---

<sup>1</sup> Asociación Galega de Apicultura (AGA), Sindicato Labrego Galego (SLG), Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega), Verdegaia, Federación Rural Galega (Fruga), Asociación Véspera de Nada por unha Galiza sen petróleo, Asamblea Popular do 15M das Mariñas de Betanzos, Panxea, Daiquí (A Limia), MEL (A Limia), Casa do Mel (As Pontes), Casa das abellas (Abegondo), APIBAR (Abelleiros do Barbanza), Abella Lupa, SAT (Covelo), Erica mel Cooperativa (Arzúa), Apípolis (Pontevedra), A Estruga (Viveiro), Asemblea 15-M Viveiro, Asociación Galega de Horticultura Urbana, Asociación ecoloxista sociocultural Comokeiras (Oleiros), Millo e Landras granxa ecolóxica (Vilasantar) ... [fumigacionsnon.org](http://fumigacionsnon.org)

2003). Ademais, a decisión da Comisión Europea do 9 de febreiro de 2012, publicada no Diario Oficial da UE, ordena que os produtos que conteñan flufenoxuron “deixarán de comercializarse a partir do 1 de agosto de 2012”. Segundo di, textualmente, esta decisión, o flufenoxuron é un “biocida” que é “persistente, bioacumulable e tóxico” e demostrou “efectos inadmisibles para o comportamento acuático”.

Ademais, as fumigacións de químicos tóxicos dende helicópteros e avionetas non só afectarán aos insectos tratados, senón que contaminarán o solo, os acuíferos e as fincas veciñas; amais de envelenar ás especies vexetais e animais que estean na contorna, e mesmo ás persoas que vivan nos núcleos habitados das inmediacións. Estudos como “*Uso de agroquímicos nas fumigacións periurbanas e o seu efecto nocivo sobre a saúde humana*”, realizado polo doutor Jorge Kaczewer da Universidade de Bos Aires, afirman que até o 60% dos agrotóxicos dispersados por medios aéreos adoitan caer fóra do seu obxectivo e a expandirse a quilómetros de distancia del<sup>2</sup>.

Unha das especies animais máis afectadas por este envelenamento serán as abellas que, como xa teñen demostrado varios estudos científicos, están a morrer e desaparecer por millóns en todo o mundo debido ao uso de pesticidas en agricultura. Máis alá do seu papel como produtoras de mel e outros derivados da colmea, as abellas xogan un papel fundamental na polinización das plantas con flores, entre as que se inclúen moitos dos principais cultivos de froitas e hortalizas. Por iso, a súa intoxicación por pesticidas e posterior morte está a ter consecuencias moi negativas tamén na economía agraria<sup>3</sup>.

Por todo o devandito, a Plataforma contra as Fumigacións iniciará unha campaña para informar á cidadanía do atentado contra o medio ambiente que van perpetrar algunhas madeireiras coa complicidade da Consellaría de Medio Rural e de concellos como o de Melide. Precisamente, neste municipio coruñés a Plataforma contra as Fumigacións realizará unha marcha de denuncia o vindeiro domingo, 29 de abril, para tentar que a cidadanía melidense reaccione contra o seu inminente envelenamento e o do entorno.

Se desexan máis información, poden falar co portavoz da Plataforma contra as Fumigacións, Xesús Asorey, no 630 069 635

---

2 <http://www.grr.org.ar/trabajos/agrotoxicos%20y%20salu.htm>

3 <http://www.abc.es/20120329/ciencia/abci-pesticida-comun-mata-abejas-201203291708.html#.T3VS9MWePJ8.facebook>